

Os socialistas da Mariña denuncian que o Estado "castiga a todos os mariñanos" ó reducir en 2014 un 76% o investimento na comarca

Critican que os Orzamentos non permiten a axilización das obras vitais para a zona (A-8 e Corredor), pois a estas actuacións só destinan 17M€ fronte ós 70 de 2013; que non exista ningunha partida para proxectos novos, xa que todas son para actuacións impulsadas polo PSOE; e que non prioricen os sectores produtivos que xeran emprego

Lamentan que Rajoy soamente destine 100.000 euros á licitación do proxecto da VAC; "unha cantidade irrisoria" para esta infraestrutura que, dende hai 4 anos, ten 8 tramos pendentes de licitar dos 10 que ten o trazado, e que nin tan sequera abarcan a totalidade do proxecto

Tendo en conta que "os Gobernos do PP están presididos pola absoluta incompetencia", subliñan que "coa dereita, na Mariña temos máis paro, menos inversión, menos obras, menos mestres, menos médicos... Pódennos seguir maquillando os datos, pero esta é a única realidade"

Os socialistas esixen á Xunta que acometa con urxencia as actuacións que mantén paralizadas na Mariña, e que suman preto de 80 millóns de euros, pois "esta desfachatez de anunciar ano tras ano obras que non se fan, impídenos falar de investimentos novos"

Os Deputados autonómico, José Ramón Val, e provinciais, Lara Méndez e Alfredo Llano, denunciaron este xoves que, cos Orzamentos que o Estado destinará á Mariña en 2014, "o Goberno de Rajoy castiga a cada un de nós, e a todos os mariñanos, polo que só servirán para crear máis paro e máis desigualdades". Así mesmo, indicaron que "non supoñen un maior investimento para a Comarca, senón que son os máis restritivos da historia".

Os socialistas recoñeceron que "nos doe moito abrir estes días a prensa e ver como o Goberno de Rajoy se felicita polas contas cando inclúen unha redución do 76% con respecto a 2013. Deste xeito, lembraron que, mentres que este ano Fomento destinou máis de 70 millóns de euros á A-8 e ó Corredor, o vindeiro exercicio estas dúas infraestruturas –as únicas que reciben fondos do Estado– apenas contarán con 17 millóns. É dicir, "para o PP, o que ten, pódeo todo. E o que non ten, irá de mal en peor. Dende que goberna a dereita, ano tras ano, diminúe a inversión na comarca".

Os datos son preocupantes e alarmantes, sobre todo, porque a Mariña supón o 22% da poboación de toda a provincia; unha porcentaxe elevada, pero que, sen embargo, semella non ser prioritaria para o Goberno. Neste senso, lamentan que o mes de setembro se pechase con máis de 5.000 parados en toda a Mariña, o que supón case o 20% do número total de desempregados rexistrados na provincia. "Con estas contas que nos acaba de presentar o Estado, que nos explique o Goberno cómo pretende reducir as baixas na Seguridade Social que di que vai facer?, engadiron os tres deputados socialistas.

A principal vía que ten a administración para crear emprego é investindo en obra pública. Pero, se os Gobernos non constrúen, non hai emprego, nin se impulsa a economía. Por iso, para o deputado autonómico "son os orzamentos do castigo, non os da recuperación".

"Non permiten a axilización de obras vitais"

José Ramón Val criticou que os dous treitos da A-8 que están en execución (Lindín-Carreira de 9,3 kms, con 6.912.000 euros, e Mondoñedo-Lindín de 4,7 kms con 10.996.000 euros) figuran como as últimas anotacións de Fomento para esta obra.

Por outra banda, lamentou que o Goberno do Estado tan só destine 100.000 euros á licitación do proxecto da Vía de Alta Capacidade entre Barreiros e San Cibrao; “unha cantidade irrisoria para unha infraestrutura que, dende hai 4 anos, repito 4 anos, ten 8 tramos pendentes de licitar dos dez que ten todo o trazado”.

Deste xeito, Val considera que “alá vai outro ano perdido... Que máis lle dá ó Goberno de Rajoy que se perda outro ano en revisionismos. O que está claro é que é unha cantidade insuficiente, que nin tan sequera abarca a totalidade do proxecto. É inadmisíbel e inxustificable que esta infraestrutura, que é un dos principais *cueros de botella* da provincia, non entre nas previsións dos Gobernos do Partido Popular. E isto non o dicimos nós, xa o dixó no seu momento o señor Aja quen recoñeceu que as obras están paradas por falta de cartos”.

“Non inclúen proxectos novos” e para os sectores produtivos, “nada de nada”

Tendo en conta que as partidas se destinan principalmente a proxectos iniciados polo Goberno Socialista -A-8 e Corredor-, o deputado autonómico subliña que “con Rajoy imos a menos en todo. O único que aumentou co Goberno do PP foron a débeda e as cifras do paro. Ou é que o presidente do Goberno se esquece que foi o PSOE o que impulsou as que son as principais arterias de comunicación da Mariña coa cornixa Cantábrica?” Así mesmo, engadiu: “esta é a política de brazos caídos que está a levar a cabo o Goberno de Rajoy, refrendada en Galicia polo señor Feijóo, e na que os grandes prexudicados somos os veciños. Esta é a desfachatez do Partido Popular, que lle venden ós cidadáns que estes son os Orzamentos da recuperación cando a realidade é que estas contas nin fomentarán o crecemento nin o emprego o vindeiro ano. Se non se constrúe, nin se inviste, non hai emprego, e, por tanto, non hai saída á crise”.

Así mesmo, os socialistas denunciaron que nos Orzamentos non exista ningún compromiso cos sectores produtivos. “Preguntámoslle ó señor Rajoy que pasa coa gandería, coa pesca... os principais motores económicos da Mariña e que máis emprego xeran na comarca. A potenciar estes sectores... nin un só euro: nada de nada. Os presupostos do Goberno son un papel mollado que, como di a palabra, unha vez mollado, non serve para nada”.

Rajoy e Feijóo “non fan o que anuncian ano tras ano”

Os gobernos do Partido Popular están adoptando unha estratexia clara de obstrución da Mariña, tal e como subliñou Lara Méndez, “o que nos leva a pensar -sen ser mal pensados- que estamos ante un Goberno sen vontade para realizar obras, sen vontade para crear postos de traballo. Feijóo aplica en Galicia o que lle di Rajoy en Madrid. Dende que os dous presidentes chegaron ó goberno, a Mariña foi e segue estando ausente para o PP”.

Neste senso, a socialista sinalou que, ademais do escaso esforzo inversor que realiza o Estado hai que sumar a falta de compromiso da Xunta de Galicia, o que, sen dúbida, está a dificultar o desenvolvemento económico desta comarca, que representa un terzo do Produto Interior Bruto da provincia.

O Goberno de Feijóo segue tendo paralizados investimentos nesta zona por valor de preto de 80 millóns de euros, ou o que é o mesmo, máis de 13.000 millóns das antigas pesetas. Ademais do Corredor San Cibrao-Ferrol, Lara Méndez reparou nos accesos ó porto de Burela, pedíndolle ó Executivo galego que retome os traballos canto antes, ou pola contra, que explique o motivo de tal retraso, xa que o proceso xudicial que impedía o inicio está resolto. A este respecto, indicou que se trata dunha “situación inaudita, polo que non sabemos como teñen a desfachatez de anunciar ano tras ano obras que non se fan, o que nos impide falar de actuacións novas”. Des xeito, Lara Méndez indicou: “cómo van a meter nos Orzamentos proxectos novos cando non están a acometer os que anuncian ano tras ano. Esta é a realidade que vivimos e esta é a realidade que imos seguir vivindo se a Xunta de Galicia non cumpre os seus compromisos”.

"Como pode ser que o Goberno de Feijóo só fose capaz de consignar este ano 20.000 euros para esta obra, cando é un dos portos de maior volume de operación dentro dos adscritos á Comunidade Autónoma, e cando o acceso actual se realiza polo centro do núcleo urbano, ocasionando graves molestias e incluso graves riscos tanto para os usuarios do porto, como, en xeral, para os cidadáns do propio núcleo urbano de Burela? A ver que fai o señor Feijóo o vindeiro ano porque, ou moito nos equivocamos, ou cremos que os orzamentos de 2014 irán pola mesma liña."

A terceira infraestrutura que o Goberno da Xunta mantén paralizada é a estrada que vertebra os Concellos da Pontenova, A Pastoriza, Riotorto e Mondoñedo, e na que é urxente acometer obras que melloren o seu trazado, xa que é a vía de comunicación destes concellos coa autovía do Cantábrico e, por medio dela, co resto de estradas de alta capacidade que comunican o noso país.

A parte de ser a arteria principal que une estes catro municipios e a unha poboación de máis de 12.500 persoas que neles habitan, tamén pode significar, indicou a deputada provincial, unha aposta clara pola Galicia interior, polo reequilibrio territorial e polo impulso decidido por unha zona do nosa provincia que vén padecendo serias tensións demográficas, polo que "os socialistas voltamos a pedirlle a Feijóo que acometa con urxencia as obras".

A ampliación do Hospital, parada pese a que Feijóo a anunciou 5 veces

A cuarta actuación para a que os socialistas demandan a actuación urxente do Partido Popular é a ampliación do Hospital da Costa, xa que se trata dun asunto de primeira necesidade para que preste unha atención sanitaria de calidade a todos os mariñanos, e que foi anunciada ata en cinco ocasións polo presidente da Xunta.

Neste senso, lamentaron que o goberno de Feijóo só achegase este ano 283.662 euros para o seu Plan Director, cifra que é sensiblemente inferior ós 527.000 euros que estaba previsto que ía recibir e que está moi por debaixo do millón de euros que estaba previsto investir en 2010.

"Os Gobernos do Partido Popular están presididos pola absoluta incompetencia e pola falta de compromiso coa Mariña. Empregan como escudo a austeridade e os recortes, pero repetimos: sen investimento e sen prazos, non hai realidade. Coa dereita, temos máis paro, menos inversión, menos obras, menos mestres, menos médicos -todos sabemos o que pasou en Ribadeo, Cervo e Xove-, e unha peor sanidade. Esta é a única realidade. Os gobernos do Partido Popular pódennos seguir maquillando os datos, pero verdade só hai unha: a que acabamos de dicir", concluíron.

3 de outubro de 2013

**Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**